

A HISTORIETA GALEGA presenta un percorrido histori- cista polo cómic galego desde os anos 70 até a actualidade.

O punto de partida é a primeira mostra que sobre historieta se fixo en Galiza. Era o ano 1973 e, des- pois dos primeiros intentos de Reimundo Patiño por utilizar a linguaxe das viñetas nas súas obras, o Grupo do Castro co apoio da Asociación Cultural O Galo, presentan no Círculo Mercantil de Santiago a «Exposición do Cómic Galego» con obras de Patiño, de Xaquín Marín, de Pepe Barro, de Xosé Díaz e de Chichi Campos. Aí comeza a historia de 35 anos nos que os debuxantes galegos triúnfan dentro e fóra das nosas fronteiras.

Nos anos oitenta, na época underground, multi- tude de fanzines nacen en todas as cidades. Estu- dantes inquedaos, con ansia de cambiar o pasado, rebélanse a través das súas historietas contra un réxime xa desaparecido e buscan a rebelión en cada páxina. O especial da revista universitaria *Coordenadas*, o fanzine *Valiundiez* ou o *Frente Comixario*, serán os tres exemplos máis claros do que pasa nesta década.

Nos noventa e 2000, será o momento en que a industria editorial lle preste algo de atención á his- torieta, e comece a considerala como algo serio. A aventura máis importante da historia destes trin- ta e cinco anos chegará da man da revista *Golfiño*, sen dúbida, o maior logro da industria galega. Polas páxinas desta publicación pasarán os nosos mellores debuxantes, algúns dos que agora mesmo están tra- ballando para o mercado nacional e internacional. Porque os galegos, dende hai décadas, cruzaron as fronteiras e chegaron a poñer as súas historietas noutros idiomas, é o caso de Suso Peña, Ramón Mar- cos, Víctor Aparicio Miguelanxo Prado, Das Pastoras, do guionista Carlos Portela, e das novas promesas Tírso Cons e Alex Cal. GEMMA SESAR E FAUSTO ISORNA [COMISARIOS]



PRODUCE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Cultura


ORGANIZA



AUDITORIO DE GALICIA

Baixo o mecenado de
Finsa | Televés | Ruafer

PATROCINA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade



FEIMA
FUNDACION DE
ARTE GALEGO MADRID

A FUNDACIÓN FEIMA PATROCINA AS CLASES MAXISTRAS

AS ILUSTRACIÓNS DESTA FOLLETO SON OBRA DE XAQUÍN MARÍN

HISTORIETA GALEGA 1973-2008



AUDITORIO DE GALICIA

SALA ISAAC DÍAZ PARDO

DO 6 DE MARZO AO 8 DE XUÑO DE 2008

programa

6 marzo

20.30 | Inauguración de **A Historieta Galega. 1973-2008**

8 marzo

10.00-13.30 | Actividades para os rapaces e rapazas

10.00 | **Jacobo Fernández**, gañador do Premio Castelao de Cómic 2007, debuxará un mural na sala da exposición.

11.00 | Visita guiada pola mostra.

12.00 | Obradoiro con **Norberto Fernández**, autor de *O Castelo Regadeira*.

15 marzo

10.00-13.30 | Actividades para os rapaces e rapazas

10.00 | **Fran Bueno**, debuxante que traballa para os Estados Unidos, debuxará un mural na sala da exposición.

11.00 | Visita guiada pola mostra.

12.00 | Obradoiro con **Jacobo Fernández**, autor de *As aventuras de Cacauequi*.

28 marzo

10.00-19.30 | Clases maxistras

Miguelanxo Prado, o máis recoñecido debuxante galego, porá a disposición dos alumnos e alumnas do curso os seus coñecementos.

29 marzo

10.00-13.30 | Actividades para os rapaces e rapazas

10.00 | **Jacobo Fernández**, remata de debuxar no seu mural.

11.00 | Visita guiada pola exposición.

12.00 | Obradoiro con **Fran Bueno**, debuxante de *Noble Causes*.

4 abril

10.00-19.30 | Clases maxistras

Carlos Portela, o máis recoñecido guionista galego, porá a disposición do alumnado do curso os seus coñecementos.

5 abril

10.00-13.30 | Actividades para os rapaces e rapazas

10.00 | **Fran Bueno**, remata de debuxar no seu mural.

11.00 | Visita guiada pola exposición.

12.00 | Obradoiro con **Pepe Carreiro**, debuxante de *Os bolechas*.

11 abril

10.00-19.30 | Clases maxistras

Carlos Giménez, un dos máis reputados debuxantes españois, porá a disposición do alumnado do curso os seus coñecementos.

25 abril

10.00-19.30 | Clases maxistras

Antonio Vázquez, da imprenta Tórculo, introducirá o alumnado nos segredos do proceso de artes gráficas necesarias para a correcta reprodución do seu traballo.

6 xuño

20.30 | Presentación do resultado das clases maxistras

21.00 | Visita guiada polos autores sobre a mostra

21.45 | Homenaxe a Xaquín Marín

Actividades para rapaces e rapazas: entrada libre ata límite de aforo

Información | Para calquera aclaración dirixirse a:

Auditorio de Galicia

Avda. do Burgo das Nacións, s/n

15705 Santiago de Compostela

T. +34 981 574 152/53 – +34 981552 290

F. +34 981 574 250

exposicions@auditoriodegalicia.org

www.auditoriodegalicia.org

www.compostelacultura.org